



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE MONTERREI PARA A MELLORA DA PRAZA E A RÚA REQUEIXO EN VILAZA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

1.- ANTECEDENTES.-

A colaboración entre este departamento e o concello de Montereí enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo.

O concello de Montereí solicita deste departamento axuda para executar as obras de **“mellora da praza e a rúa Requeixo en Vilaza”**.

A rúa Requeixo é a saída do núcleo de Vilaza cara ao antigo balneario de Requeixo, comezando na praza na que desemboca a rúa da Igrexa e continúa a carón do antigo muro do mosteiro dos Templarios.

Dende a construción da Autovía A-52, que conta cun semienlace no núcleo de Vilaza os vehículos que acceden e saen por esta vía con destino Ourense-Vigo, vense obrigados a atravesar o núcleo por esta rúa con destino a Verín. Por tal razón preténdese axeitar a rúa e a praza para o paso de peóns, minimizando o risco que supón o tráfico que soporta.

As actuacións comezarán na rúa Requeixo á altura da intersección coa rúa Igrexa, e levaranse a cabo na marxe dereita da mesma ata a intersección coa rúa Albarellos. Neste punto acometeranse beirarrúas en ambas marxes da rúa Albarellos, ata o comezo do muro de peche do Mosteiro dos Templarios (15 m por cada marxe). Así mesmo, continuaranse as beirarrúas na marxe dereita da estrada OU-1014 (35 m), que a partires da intersección (en sentido suroeste – nordeste) pasa a denominarse rúa Touza. E por último, tamén se contempla a execución dunha pequena rotonda para a ordenación do tráfico na intersección. Os terreos nos que se realizarán as obras son de dominio público.

As obras que será preciso acometer consisten basicamente en:

- Apertura de gabia.
- Instalación de tubaxe para as redes de saneamento, abastecemento, augas pluviais e canalización da rede de alumeado público.
- Execución de sumidoiros, pozos de rexistro e arquetas.
- Reposición do pavimento asfáltico e servizos afectados.
- Execución de beirarrúas con bordo de formigón e lousa de formigón tipo pergamiño.
- Reposición de pechamentos afectados.

2.- RAZÓNS DE OPORTUNIDADE.-

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.





O feito de que as dotacións que son obxecto do presente convenio, constitúen un equipamento necesario para o concello de Montereí e a concorrencia dos obxectivos de ámbalas dúas administracións asinantes para dar solución ás carencias de equipamento citadas, aconsella a subscripción deste acordo, para levar a efecto as actuacións necesarias para a execución das obras e a súa posta a disposición do uso público.

Nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación. A competencia para o desenvolvemento destas actuacións, está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería “*A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial*”.

3.- OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN.-

A finalidade do convenio é establecer as bases de actuación das partes asinantes, regular as obrigas que cada unha asume e establecer o marco xurídico-administrativo das súas intervencións.

Co desenvolvemento das cláusulas convidadas chegarase a execución das obras necesarias para conseguir que o concello de Montereí dispoña de espazos públicos acondicionados, en condicións axeitadas para a prestación do servizo público. Con iso conseguirase unha maior calidade de vida da poboación residente e da sociedade en xeral.

Por todo isto, ao considerar debidamente xustificada a necesidade das actuacións previstas, propónse a sinatura dun convenio de colaboración entre este departamento e o concello de Montereí e, a través do mesmo, dar cumprimento os fins propostos.

4.- MEMORIA ECONÓMICA

O convenio, implica a asunción dunha obriga económica para a Facenda autonómica de **cento noventa e nove mil catrocentos noventa e seis euros con setenta e catro céntimos (199.496,74 €)**, e coa seguinte estrutura de gasto:

Concepto	Importes en euros (con IVE)
Execucións de obra	174.598,15 €
H. de dirección de Obra	2.861,06 €
Honorarios de dirección de execucións de obra	2.861,06 €
Honorarios de coor. de Seguridade e Saúde	1.144,43 €
<u>Subtotal</u>	<u>181.464,70 €</u>
10% Previsión para cert. final obra (estimado)	17.459,82 €
10% Hon. Cert. Final (estimado)	286,11 €
10% Hon Dir. Exec. Obra (estimado)	286,11 €
<u>Subtotal para cert. Final (estimado)</u>	<u>18.032,04 €</u>
Total	<u>199.496,74 €</u>



En consecuencia, segundo o disposto na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, require a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela.

Documento asinado dixitalmente por María Encarnación Rivas Díaz, secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

